

HAI QUE APROVEITAR OS FONDOS EUROPEOS PARA ACOMETER O CAMBIO DE MODELO E PALIAR OS DÉFICITS EN ASPECTOS BÁSICOS DO ESTADO SOCIAL. A XUNTA DEBE DAR UN PULO Á AXENDA INDUSTRIAL 2025 PARA NON PERDER O TREN DA TRANSICIÓN EN GALICIA

O COMITÉ NACIONAL DE UGT-GALICIA APOSTA PORQUE AS ELECCIÓNS DO 23X CONSOLIDEN OS DEREITOS E LIBERDADES CONSEGUIDOS

O Sindicato insta aos partidos políticos que concorren ao proceso a que aclaren a súa postura en relación ás reformas que aumentaron os dereitos sociais e laborais nos últimos anos

Redacción.- O Comité Nacional de UGT-Galicia, máximo órgano de dirección do Sindicato entre congresos, reuniuse este xoves en Santiago para analizar, debater e facer propostas sobre a situación actual. Lembrar que forman parte deste Comité a Comisión Executiva de UGT-Galicia xunto con representantes das federacións de nacionalidade e das unións comarcais en Galicia.

No debate e análise que se abriu neste órgano fíxose especial fincapé na actual situación política do país cunhas eleccións xerais, o vindeiro 23 de xullo, ás portas. Ao respecto, o Comité analizou o documento "Balance de lexislatura 2019-2023", que elaborou UGT, no que se expón que esta foi unha lexislatura singular, baseada no consenso, diálogo e concertación entre axentes sociais e Goberno. Así, destacan acordos como os ERTE's, a reforma laboral, Acordo de pensións, incrementos do SMI, teletraballo, regulamentación de repartidores a domicilio, regulación dos plans de igualdade, regulamento de igualdade retributiva, mellora das condicións de traballo no servizo do fogar, acordos de mellora laboral na Administración Pública, entre outros.

Precisamente, neste senso, o Comité insta aos partidos que concorren ás eleccións do 23 de xullo a que expoñan á cidadanía as súas políticas en relacións a todas estas reformas que aumentaron os dereitos sociais e laborais durante os últimos anos porque é razoable que a cidadanía sexa coñecedora de con que vai contar despois do 23 de xullo. O importante, para UGT, non é quen, senón o que.



Modernización políticas activas de emprego

En materia económica, destacou a boa evolución do PIB e do mercado laboral, cunha mellora significativa da calidade do emprego, grazas á reforma laboral, cunha temporalidade do 16,4%, fronte ao nivel pre-pandemia, do 27%. Aínda que isto non pode facer que se perda de vista o feito de que aínda hai en Galicia 134.434 persoas en situación de desemprego, das que case 48.000 están en situación de paro de longa duración. A isto se lle engade que as desigualdades no mercado laboral continúan, máis das tres cuartas partes do emprego parcial corresponden en Galicia ás mulleres. Isto evidencia que aínda queda moito por facer, urxe unha aposta clara pola modernización das políticas activas de emprego, adaptándoas ás novas esixencias de dixitalización e automatización da actividade produtiva. Isto é unha competencia propia das comunidades autónomas que, neste caso, a Xunta deber exercer.

UGT-Galicia propón na Estratexia Galega de Seguridade a

creación da figura do delegado de prevención nas pequenas empresas

Outra das grandes lacras do mercado de traballo que o Comité subliñou e para a que reclamou solucións é a da sinistralidade laboral. No ano 2022 rexistráronse en Galicia un total de 73 persoas falecidas no traballo, case un 38% máis que no ano anterior. Resulta evidente que as políticas preventivas non están a dar o resultado esperado e os datos evidencian que a normativa, nalgúns casos, estase a incumprir. Chegou o momento de acometer unha revisión en profundidade da Lei de prevención e adaptala ás novas realidades, como as ondas de calor. Tamén hai que reforzar a Inspección de Traballo, dotándoa de máis recursos, e UGT-Galicia está a propoñer na Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo a creación da figura do delegado ou delegada de prevención que axudaría a mellorar esta materia nas pequenas e moi pequenas empresas que carecen de representación sindical pero si que teñen unha elevada sinistralidade. É un feito que os centros de traballo sindicalizados son máis seguros.

A posta en marcha do AENC pode conseguir que no 2023 se comece a repartir riqueza. UGT insta aos empresarios a que apliquen xa os criterios deste Acordo

O Comité tamén saudou a sinatura do AENC cuxa implementación pode conseguir que no 2023 se comece a repartir riqueza neste país, xa cunha suba salarial do 4% e cunha taxa de inflación do 1,9% permitiría manter ou, incluso, mellorar o poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras. Senda que se podería manter no 2024 e 2025 de continuar a tendencia nos prezos. Neste senso, UGT-Galicia insta aos empresarios a que apliquen os criterios do AENC nos convenios que se vaian asinando porque impulsar a calidade de vida das persoas mediante os salarios redunda no crecemento económico e na dinamización do país.

En canto aos fondos europeos, o Sindicato reclama a súa execución a maior ritmo. Estes fondos deben servir para reverter o sistema produtivo pero tamén para paliar os déficit en aspectos básicos do estado social (moderni-

zación das administracións públicas; potenciación do Sistema Nacional de Saúde e Dependencia; maior proxección e financiamento do ensino público; mellora do funcionamento da Xustiza...).

Concretamente, os PERTE teñen un claro obxectivo de transformar o modelo produtivo nun modelo máis respectuoso co medio ambiente e son imprescindibles en Galicia para transformar os sectores estratéxicos no eido industrial, agroalimentario, naval, automoción ou enerxético.

UGT insta á Xunta a que, no contexto dos fondos europeos, dea un pulo á Axenda industrial de Galicia 2025 para non perder o tren da transición

Nesta liña de traballo, a Xunta debe dar un pulo á Axenda industrial de Galicia 2025 para non perder o tren da transición dixital e sostible no tecido empresarial galego, apoiándose nos fondos europeos e nunha boa coordinación entre sectores, empresas e axentes sociais.

Galicia debe posicionarse como rexión estratéxica cara a descarbonización

É inaprazable tamén a posta en marcha dunha política industrial na que se aposte por actividades de alto valor engadido e se aborde tamén con especial atención o problema enerxético. Galicia ten que posicionarse como rexión estratéxica e pioneira cara a descarbonización do seu sistema económico, permitindo sinerxias de desenvolvemento industrial que faciliten novas rendas e postos de traballo sostibles, coa obriga de facelo respectando as demandas sociais que buscan unha axeitada protección do medio ambiente e do rural.

Resulta imprescindible tamén que a Xunta de Galicia poña en marcha as liñas de actuación contempladas no "Acordo por unha transición enerxética xusta" para as centrais térmicas de Meirama e As Pontes. A posta en marcha destas liñas é unha ferramenta básica para a xeración de emprego e creación de actividade industrial nas áreas afectadas, garantindo con elo a xustiza social que estes territorios e os seus traballadores e traballadoras merecen.

CONVOCADAS NOVAS XORNADAS PARA OS DÍAS 6 E 7 DE XULLO

CUARTA XORNADA DE FOLGA NO METAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Redacción.- Ante a ausencia dun acordo, este martes tivo lugar outra xornada de folga no sector do metal da provincia de Pontevedra, cun amplo seguimento, e cuns traballadores e traballadoras que se volcaron na manifestación convocada que recorreu o centro da cidade olívica, partindo da Praza de España ata chegar a Valenzuela.

Os traballadores e traballadoras insisten en demandar un convenio digno para o sector, con máis de 30.000 persoas empregadas, e denuncian a pasividade da patronal na negociación do novo texto.

Así, a parte empresarial ofrece unha subida do 2 % no 2023, dun 3 % no 2024 e doutro 3 % no 2025. Subas insuficientes, dende os sindicatos reclámase un incremento do 4 % en cada exercicio.

Tampouco hai avances noutros tres eixos crave da negociación, como é a actualización salarial conforme ao IPC. A patronal tamén se



mantivo inamovible no que respecta á redución de horas traballadas. Ofrecen oito horas, pero a parte sindical pide que sexan 24 (tres xornadas).

Que o convenio recolla a subrogación de traballadores no ámbito

privado tamén provocou un encontronazo entre os axentes sociais. Dende UGT FICA, xunto cos outros sindicatos, peléxase porque se garanta o amparo dos contratos do metal no caso de que cambie o empregador.

OS TRABALLADORES DE AMBULANCIAS DE GALICIA CONVOCAN 5 DÍAS DE FOLGA NO MES DE XULLO

Os días 6, 7, 19, 20 e 21 de xullo

Redacción.- Os sindicatos UGT, CCOO, CIG e USO convocaron cinco días de folga no sector das ambulancias de Galicia, así como unha mobilización o próximo 12 de xullo, para reclamar melloras nas súas condicións laborais. En concreto, o sector irá á folga en todo o territorio os días 6, 7, 19, 20 e 21 de xullo, con mobilizacións nos centros sanitarios.

Así o confirmaron este luns nunha rolda de prensa na que participou Marcial Rodríguez, de FeSMC-UGT.

Os representantes constataron o amplo respaldo alcanzado polos traballadores nas asembleas celebradas e atribuíron esta decisión á "negativa" da patronal para ter en conta a súa proposta e a "falta de avances" nas reunións de negociación celebradas.

As súas reivindicacións pasan por súbdidas salariais, tendo en conta a perda de poder adquisitivo derivada do incremento do IPC nos últimos anos.

Ademais reclaman melloras laborais, con redución de xornada laboral, incremento de efectivos e de vehículos e melloras nas baixas e os permisos retribuídos.

En canto ao persoal, que os sindicatos cifran entre 1.800 e 2.000 traballadores, estiman que sería necesario entre o 30 e o 40 por cento máis para paliar esta situación.

Así mesmo, en relación ás baixas por incapacidade temporal, estas duplicáronse, a práctica totalidade delas por lesións músculo esqueléticas derivadas da "sobrecarga" de traballo que sofren.

Os representantes sindicais explicaron que este servizo, especialmente nalgunhas áreas sanitarias, está tensionado nos últimos anos, especialmente no último, con ambulancias que deben atender "máis de 20 servizos diarios", algo "moi por encima do razoable".

Fronte a iso, critican a "falta de preocupación" da Consellería de Sanidade, cuxa "única proposta" pasa por implantar "máis ambulancias baixo custo", é dicir, "que só levan condutor", o que motiva que, "en moitas ocasións", sexa necesario mandar outra de apoio aos servizos. En canto á patronal, cualificárona de "irresponsable", xa que, denuncian, nas súas propostas de negociación "non incluíu" ningunha das reclamacións dos sindicatos.

PRINCIPIO DE ACORDO EN H&M

Redacción.- Os sindicatos UGT e CCOO e a multinacional sueca de moda H&M alcanzaron un principio de acordo para mellorar as condicións laborais e salariais, motivo polo que se viñeron celebrando paros parciais e dous días de folga.

Tras intensas negociacións na sede do SIMA, alcanzouse un acordo coa empresa que entendemos que da as respostas ás demanda do persoal de H&M:

– Incentivo sobre vendas para todas as posicións da tenda de ata 50€ mensuais, ligado á presenza efectiva. Este incentivo terá unha vixencia ata 2025, (segundo ano fiscal H&M) antes de que finalice farase unha ava-

liación conxunta coa empresa para ver as condicións da continuidade do incentivo

– Garántese un plus de responsabilidade mínimo por categoría, aplicable a Store Manager, Department Manager, Visual Merchandiser e COR. Non compensable nin absorbible. Abónase en 14 pagas e será proporcional á xornada. Con efectos 1 de xullo 2023. Aquelas persoas cuxo plus voluntario ou plus controller sexa superior ao plus de responsabilidade terán 2 conceptos: Plus de responsabilidade con estas cantidades e o resto quedará no concepto de plus voluntario. Quen non o teña, abonaráselle.

– Incremento salarial para Salgues Advi-

sors, con efectos 1 de xullo de 2023. Abonase un complemento de mellora salarial, que non será compensable nin absorbible, que se distribuirá en 14 meses e cuxo valor será de 1000€ brutos a un tempo completo e proporcional á xornada.

– Faranse novacións contractuais a 60 persoas a tempo parcial mediante a consolidación das horas complementarias e/o ampliacións de xornada efectivamente realizadas nos 5 últimos meses. Incremento de recursos efectivos en 91 tendas. Retírase a proposta da empresa de rebaixar o pago das baixas por enfermidade (complemento IT). E Créase unha comisión de seguimento deste acordo.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO AVELINO MONTERO MOBILÍZANSE PARA DEFENDER OS SEUS EMPREGOS

Redacción.- Nova concentración de traballadores e traballadoras do centro de menores Avelino Montero de Pontevedra. A entrada principal albergou este martes unha protesta convocada polo sindicato UGT para denunciar a non modificación da eliminación de catro postos de traballo coa categoría de educadores, tras unha reunión coa Xunta celebrada o pasado 15 de xuño. Desde UGT sosteñen que a Consellería de Política Social e Xuventude e a Xefatura Territorial con sede en Vigo seguen mantendo a eliminación deses catro postos de traballo no centro. "O centro non é nin será un mero aparcadoiro de rapaces cuxa única finalidade é a separación

dá sociedade", subliña o secretario xeral de UGT-Pontevedra-Arousa-Deza. Insisten en que os profesionais educadores, tendo presente ás outras categorías profesionais, elaboran un proxecto individualizado de intervención a cada ingreso, con avaliación constante e elaboración de análise e informes que se trasladan periodicamente ás autoridades xudiciais pertinentes. Reducir o persoal do centro reeducativo, sobre todo nesta categoría, é incomprendible. Máis aínda cando se está realizando na actualidade unha remodelación das instalacións da rúa Montero Villegas, 32, de



máis dun millón de euros, prevendo un incremento de prazas na atención e reeducación de menores infractores.

AS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE TELEPERFORMANCE PROTESTAN POLAS SANCIONS NA CAMPAÑA DE IBERDROLA

Redacción.- As traballadoras e traballadores de Teleperformance-Coruña mobilizáronse o pasado día 26, con dúas quendas de paros e unha concentración diante das instalacións da empresa, para trasladar a súa máxima repulsa e disconformidade coas sancións arbitrarias aplicadas pola empresa a varios traballadores e traballadoras da campaña de Iberdrola. Neste senso, demándase a retirada inmediata das devanditas sancións.

Dende o Comité de empresa considérase que se trata de medidas que pretenden intimidar e non se van consentir, de feito, de continuar a situación, estudárase outro calendario de mobilizacións.



O persoal de Política Social reclaman un cambio nas súas condicións laborais

Redacción.- O persoal dos servizos de Política Social mobilizáronse de novo, desta vez, o pasado día 28 concentráronse ás portas do Goberno da Xunta, en San Caetano, en Santiago, para denunciar as súas condicións laborais.

Un plantel que está formado maiormente por mulleres, cunhas condicións precarias, sen adaptarse ás situacións actuais nas residencias de maiores.

Son imprescindibles máis medios, máis formación e melloras salariais e laborais.



XORNADA DE FOLGA E MOBILIZACIÓNS NO ENSINO PRIVADO DE 0 A 3 ANOS POR UN CONVENIO COLECTIVO DIGNO

Redacción.- UGT, xunto con CC00, CIG, SNEP e USO, denuncian o inmovilismo da patronal dos centros de educación infantil de 0 a 3 anos á hora de negociar o convenio colectivo. Situación que obriga á mobilización na defensa da mellora dos seus dereitos sociolaborais.

As negociacións iniciáronse hai máis dun ano e con máis de nove reunións nas que a patronal non amosou vontade de chegar a ningún acordo que lle permita ás traballadoras e traballadores do sector recuperar o poder adquisitivo perdido e gozar de salarios xustos.

A día de hoxe son moitos os salarios do

sector que se atopan por debaixo do SMI. Xa no seu momento a patronal causoulles un grave prexuízo ás traballadoras e traballadores do sector ao impedir asinar unhas táboas salariais vinculadas aos pregos de condicións dos últimos concursos públicos. O que os priva dunha remuneración xusta. Para denunciar esta situación, os sindicatos convocaron mobilizacións xa a semana pasada en Vigo e na Coruña. E o 27 as concentracións trasladáronse ás portas das



escolas infantís. O día 29 tivo lugar unha xornada de folga, cun importante seguimento, para todo o sector, tanto as escolas privadas como as de xestión indirecta, e desenvolveuse unha manifestación en Santiago.

APOSTAR POLA SUBIDA DE SALARIOS É APOSTAR POLO CRECIMENTO ECONÓMICO E POLO EMPREGO

Redacción.- O IPC adiantado para o mes de xuño, publicado este xoves polo INE, sitúa a inflación anual nun 1,9%, ata 1,3 puntos menos que en maio. Trátase dun notable descenso que consolida a senda de moderación do nivel xeral de prezos observada nos últimos meses, como consecuencia do desconto agora dos aumentos dos prezos enerxéticos sufridos hai un ano, e que, de confirmarse, situaría a inflación xeral no nivel máis baixo desde marzo de 2021.

Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente máis

estrutural, só diminúe dúas décimas respecto ao mes anterior, alcanzando unha variación anual do 5,9%. Neste sentido, séguese mantendo valores moi elevados, o que demostra como parte do tecido empresarial continúa tensionando os prezos de moitos produtos básicos, como os alimentos.

UGT lembra que a única maneira eficaz de combater a inflación pasa por levar a cabo un seguimento, control e limitación das marxes de beneficios empresariais, especialmente, nalgúns sectores con pouca competencia, que seguen fixando prezos

desorbitados á conta do interese xeral da cidadanía.

Por último, resulta fundamental trasladar os incrementos pactados no novo AENC 2023-2025 -do 4% cunha cláusula de revisión dun 1% adicional para este ano- nos convenios colectivos pendentes de firma. Só así se logrará protexer a capacidade adquisitiva da clase traballadora e recuperar os ritmos de crecemento do consumo dos fogares, imprescindible para seguir impulsando a actividade económica e a creación de emprego no noso país.

Novos permisos laborais



1

5 DÍAS (RETRIBUÍDO)

En caso de accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso, tanto dun familiar ata segundo grao como dun convivente.

2

4 DÍAS AO ANO (RETRIBUÍDO)

Por causa de forza maior para que as persoas traballadoras poidan ausentarse do traballo por motivos familiares urxentes. (Distribuíble por horas)

3

8 SEMANAS (NON RETRIBUÍDO)

Poderá desfrutarse de forma continua ou discontinua, a tempo completo ou parcial ata que o menor cumpra 8 anos.

4

15 DÍAS (RETRIBUÍDO)

Permiso para as parellas de feito cando se rexistran, equiparándose así cos matrimonios.

*O Real Decreto Lei 5/2023 no seu artigo 128 tamén modifica o artigo 48 do Estatuto Básico do Empregado Público, ampliando os permisos de conciliación deste Estatuto de aplicación en todas as administracións e entre o persoal estatutario dos servizos de saúde

www.ugtgalicia.org

@UGT_Galicia



AVANZAMOS. AS PERSOAS LGTBI NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA E O DIÁLOGO SOCIAL

Redacción.- Co gallo do Día internacional do orgullo LGTBI, UGT celebrou as xornadas “As persoas LGTBI na negociación colectiva e o diálogo social”.

Na mesa de debate sobre “Os plans de diversidade na negociación colectiva e as empresas”, na que interviñeron Fernando Luján, vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT, M^a Carmen Barrera, secretaria de Políticas Europeas, Patricia Ruíz, secretaria Confederal, e Óscar Muñoz, director xeral de REDI, os relatores coincidiron en resaltar os logros conseguidos, nos últimos anos, para garantir os dereitos das persoas LGTBI e Trans nos centros de traballo e en poñer en valor o particular empeño de UGT na loita por conseguir a igualdade real destas persoas, tanto no ámbito nacional, como no europeo.

Xa de seu, falar dos plans de diversidade na negociación colectiva, que dá o título a esta mesa “é un éxito de UXT”, segundo palabras de Mari Carmen Barrera, pero ata que non aterren todas estas medidas nos centros de traballo non poderemos estar satisfeitos. Barrera destacou que o traballo é o elemento máis sociabilizador e integrador que existe e que hai que utilizalo para garantir os dereitos das persoas LGTBI. Unha visión que UGT non só levou ás normas nacionais, como a Lei de emprego, senón tamén á Estratexia Europea para os dereitos das persoas LGTBIQ.

O VAENC insta a incluír nos convenios medidas específicas para protexer ás persoas LGTBI

Fernando Luján incidiu no recente Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva, froito do diálogo social bipartito, que recolle por primeira vez, e a petición de UGT, un apartado específico para garantir a protección das persoas LGTBI na contorna laboral. Un Acordo que se fai eco da lei LGTBI e Trans e que establece a inclusión de medidas ou cláusulas específicas nas empresas de máis de 50 traballadores/as para lograr a igualdade real e efectiva nos centros de traballo. Demandou, ademais, recursos para elaborar estes plans de diversidade nas empresas e



UGT-Galicia colocou as bandeiras #LGTBI no #Día internacional do Orgullo LGTBI nas súas sedes en Galicia

sinalou que hai que incidir no acceso ao emprego das persoas LGTBI e Trans.

Patricia Ruiz manifestou que hai que “facer o camiño entre todos” e superar os obstáculos para elaborar plans de diversidade efectivos. É necesario elaborar un regulamento para baixar ao terreo das empresas que temas débense tratar. Así mesmo, fixo referencia ao establecemento no sindicato de áreas de Acción LGTBI nos distintos territorios para que os negociadores dos convenios poidan asesorarse. Enumerou unha serie de medidas que poderían incluírse para evitar a discriminación das persoas LGTBI (formación, un código sancionador, incluír este tema na prevención de riscos psicosociais). “A maioría destas medidas non teñen ningún custo, pero o custo de non facelo é moi grave para as persoas que están a sufrir este tipo de discriminacións”-dixo.

Nin un paso atrás, fronte aos discursos do odio

Cistina Antoñanzas moderou a mesa na que se trataron os discursos de odio desde a dereita e a extrema dereita e na mesma participaron Carla Antonelli, activista trans e deputada da Asemblea de Madrid; Nacho Esteban, escritor e autor de “Por vermellos e maricóns”; e Saúl Castro, presidente de Non é Terapia.

Antoñanzas alertou sobre os gobernos de ultradereita, que xa están a entrar nas institucións en España, e instou a “non dar ningún paso atrás” porque somos “sindicalistas, activistas e defensores dos dereitos das persoas LGTBI”.

Denunciou que se está tentado branquear á extrema dereita e os discursos do odio e que cada vez hai máis delitos relacionados con isto e animou a combater esta involución social dentro e fóra das empresas, porque “os dereitos das persoas LGTBI son dereitos humanos”.